

DOMINGO 29 ORDINARIO CICLO B

PRIMEIRA Is 53, 10-11

Se entrega a súa vida en expiación verá unha descendencia lonxeva

PROCLAMACIÓN DA PALABRA RECOLLIDA NA PROFECÍA DE ISAÍAS

O Señor quixo esmagalo co seu sufrimento:
Si, entrega a túa vida en expiación polo pecado.
Pero el verá descendencia, alongará os seus días
e por medio del cumprirase a salvación do Señor.
Polos traballos da súa vida verá a luz,
alcanzará a sabedoría.
O Xusto volverá xusto o seu Servo
para o ben de moitos
e as iniquidades destes el soportará.

SALMO RESPONSORIAL Sal 32, 4-5. 18-19. 20 e 22

R/ (22): Veña a nós, Señor, a túa misericordia, como de ti o esperamos.

A palabra do Señor é recta
e todas as súas obras son leais:
El quere o dereito e a xustiza,
a súa misericordia enche a terra.

Os ollos do Señor miran polos seus fieis,
polos que esperan na súa misericordia,
para librar a súa vida da morte,
para os manter no tempo da miseria.

Nós agardamos ao Señor:
El é o noso socorro, o noso escudo.
Veña a nós, Señor, a túa misericordia,
como de ti o esperamos.

SEGUNDA Heb 4, 14-16

Acerquémonos con confianza ao trono da graza

PROCLAMACIÓN DA PALABRA RECOLLIDA NA CARTA AOS HEBREOS

Irmáns e irmás:

Xa que temos un gran Sumo Sacerdote que xa penetrou no ceo, Xesús, o Fillo de Deus, manteñamos a esperanza que profesamos.

Pois así é: nós non temos un Sumo Sacerdote que non se poida compadecer das nosas debilidades, senón un Sumo Sacerdote probado en todo coma nós, fóra do pecado. Acheguémonos, con liberdade ao trono da graza, para conseguirmos misericordia e atoparmos graza para unha axuda no seu debido tempo.

ALELUIA Mc 10, 45:

O Fillo do home veu para servir, a para da-la súa vida en redención por moitos

DOMINGO 29 ORDINARIO CICLO B

EVANXEO Mc 10, 35-45 (longa)

O Fillo do home veu para dar a súa vida en redención por moitos

PROCLAMACIÓN DO SANTO EVANXEO SEGUNDO MARCOS

Daquela achegándose a Xesús os fillos de Zebedeo -Santiago e mais Xoán-, díxéronlle:

- Mestre, nós queriamos que nos fixeses o que che imos pedir.

El preguntou:

- E logo, que é o que queredes que vos faga?

Contestáronlle:

- Concédenos que na túa gloria sentemos un á túa dereita e outro á túa esquerda.

Respondeulles Xesús:

- Vós non sabedes ben o que pedides. Seredes capaces de beber o cáliz que eu teño que beber, e recibir o bautismo que eu teño que recibir?

Respondéronlle:

- Somos.

Xesús replicou:

- O cáliz que teño que beber, si que o beberedes, e tamén recibiredes o bautismo que eu teño que recibir, pero o sentardes á miña dereita ou á miña esquerda, iso non depende de min o concedelo, senón que é para os que está reservado.

Ao escoitaren isto, os outros anoxáronse con Santiago e con Xoán. Entón Xesús chamounos e díxolles:

- Xa sabedes que os xefes dos pobos os tiranizan e que os poderosos os asoballan. Pero entre vós non pode ser así. Nin moito menos, quen queira ser importante, que sirva os outros, e quen queira ser o primeiro, que sexa o máis servicial. Que o Fillo do Home non veu a que o sirvan, senón a servir, e a entregar a súa vida en rescate por todos.

DOMINGO 29 ORDINARIO CICLO B

EVANXEO Mc 10, 42-45 (breve)

O Fillo do home veu para da-la súa vida en redención por moitos

PROCLAMACIÓN DO SANTO EVANXEO SEGUNDO MARCOS

Daquela, chamando Xesús aos doce, dílle:

- Xa sabedes que os xefes dos pobos os tiranizan e que os poderosos os asoballan. Pero entre vós non pode ser así. Nin moito menos, quen queira ser importante, que sirva os outros, e quen queira ser o primeiro, que sexa o máis servicial. Que o Fillo do Home non veu a que o sirvan, senón a servir, e a entregar a súa vida en rescate por todos.